



GALIZA XA DISPÓN DE CONECTIVIDADE A INTERNET POR BANDA LARGA PARA O 82% DA POBOACIÓN

- **O conselleiro de Innovación e Industria, Fernando Blanco, informou da evolución dos dous planos de extensión da banda larga que están en marcha en Galiza, xunto ás operadoras que están a estender o servizo no noso país, R e Telefónica**
- **Fernando Blanco explicou que o 82% dos habitantes e o 77% dos núcleos de poboación ten posibilidade de conexión a internet por banda larga**
- **Ao remate de 2008 terá cobertura o 100% dos núcleos do territorio galego**

Santiago de Compostela, 12 de novembro de 2007.- O conselleiro de Innovación e Industria, Fernando Blanco, informou esta mañá da evolución da implantación da banda larga en Galiza, en base aos obxectivos contemplados polos dous planos postos en marcha en Galiza para a extensión do servizo, a cargo das operadoras R e Telefónica, e no marco do Plano Estratéxico Galego da Sociedade da Información (PEGSI). O conselleiro explicou que a día de hoxe os núcleos de poboación con acceso a banda larga superan os 23.000, o que representa o 77% dos núcleos galegos e o 82% da poboación total do noso país. O titular nacionalista recordou que en 2005 só o 4% do total dos núcleos existentes en Galiza (1.148 de 30.000) contaba con este servizo. Hoxe o 100% dos concellos galegos xa dispón dalgún punto de conexión mediante banda larga no seu territorio e son 78 os núcleos que dispoñen de dobre conectividade (dúas operadoras a escoller), da que en 2005 dispoñían unicamente as sete cidades galegas.

O obxectivo da Consellaría de Innovación e Industria, fixado no PEGSI, pasa por conseguir que como mínimo o 90% da poboación galega conte con acceso aos servizos de banda larga en 2010. A este respecto, Fernando Blanco adiantou que a previsión máis optimista para ese ano sitúanos xa en practicamente a totalidade da poboación, o 98%. Por outra banda, e tamén en base aos obxectivos do PEGSI, todos os núcleos de máis de 500 vivendas contarán con dobre conectividade en 2009.

O titular nacionalista informou dos dous instrumentos que están operativos en Galiza para estender a banda larga. Dunha parte, a orde da Consellaría de Innovación e Industria para levar este servizo aos núcleos rurais e comarcais de máis de 500 vivendas ata 2008, que está a executar a operadora galega de cabo "R" e conta cun orzamento de 134,7 millóns de euros, dos cales 39 son achegados pola Consellaría. O investimento efectuado ata o momento como consecuencia da orde supera os 70 millóns de euros, segundo informou o titular de Innovación. Doutra parte, a finais deste mesmo ano 2007 estará rematada a primeira fase do Programa Estatal de Extensión do Acceso á Banda Larga en Zonas Rurais e Illadas (PEBA), dependente do Ministerio de Industria e que desenvolve a operadora



Telefónica. Este programa ten unha dotación orzamentaria para Galiza de 35 millóns de euros.

Extensión da rede de cabo

Con respecto á orde da Consellaría de Innovación e Industria para os núcleos rurais e comarcais de Galiza, os obxectivos iniciais concretábanse na creación dunha rede troncal de fibra óptica que atravesara 112 concellos por todo o país. A rede de distribución por cabo despregaríase en 115 núcleos de 77 concellos, co fin de dar cobertura de banda larga a 347.843 vivendas e empresas nesas entidades de poboación. Alén disto, a rede troncal está aberta a calquera dos operadores interesados en despregar a rede ata os usuarios finais nas áreas de influencia do seu percorrido.

Segundo informou o conselleiro de Innovación e Industria a rede troncal de cabo xa se atopa executada en 71 concellos, o despregamento da rede aos usuarios finais atinxe a 54 núcleos de 51 concellos e as vivendas e empresas que teñen cobertura na actualidade suman xa 264.269. Estes datos reflicten que está rematada a execución do 63,4% da rede troncal prevista ao publicarse a orde da Consellaría. A porcentaxe de cumprimento no caso dos concellos que contarán con despregamento da rede de cabo sitúase no 66%, no caso dos núcleos de poboación no 47% e no caso das vivendas e empresas con posibilidades de cobertura, o grao de cumprimento acada o 76%.

Plan PEBA

Fernando Blanco tamén fixo repaso dos obxectivos previstos no inicio do Programa Estatal de Extensión da Banda Larga en Zonas Rurais e Illadas, que contemplaban intervir mediante tres vías diferentes (ADSL sobre cobre, WIMAX e satélite) en 27.090 núcleos da práctica totalidade dos concellos galegos, 313. A poboación obxectivo que se beneficiaría do acceso a banda larga mediante este programa sería de 1.215.000 habitantes destes núcleos.

Segundo o titular de Innovación e Industria, o despregamento da banda larga a través do Plan PEBA acada 313 concellos, 21.946 núcleos e unha poboación de 1.175.481 persoas. En canto ao cumprimento dos obxectivos do plan e en base aos datos expostos polo titular nacionalista, xa se interveu no 100% dos concellos, cubríndose o 97% da poboación e o 81% dos núcleos contemplados no programa. Fernando Blanco anunciou, no entanto, que o vindeiro ano 2008 o Plan PEBA terá continuidade nunha segunda fase que sumará 1.760 novos núcleos rurais, nos que se intervirá, dixo o conselleiro, para que dispoñan de banda larga durante o ano que vén. Co desenvolvemento do PEBA II xa terá cobertura o 100% dos núcleos do territorio galego.

O conselleiro de Innovación e Industria concluíu que da foto actual da extensión da banda larga en Galiza dedúcese que se están a cumprir os obxectivos que marca o



PEGSI, que ademais contempla outras actuacións de difusión da banda larga como os proxectos piloto para implantar unha rede de acceso sen fíos a internet e servizos en rede nos concellos de Samos e O Courel, ademais dos convenios con outros 14 concellos rurais para a implantación de redes de telecomunicacións sen fíos de acceso público a internet.

SAÚDOS, GABINETE DE COMUNICACIÓN DA CONSELLARÍA DE INNOVACIÓN E INDUSTRIA